

**CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,  
GANDERÍA E MONTES**

*Orde do 2 de xuño de 1993 pola que se modifica a do 3 de decembro de 1992 pola que se recoñece con carácter provisional a denominación de orixe Val de Monterrei para os viños producidos nesta comarca vitícola.*

No regulamento particular da denominación de orixe provisional Val de Monterrei, pendente de aprobación, a área de produción considérase constituída por dúas subzonas: o val e a ladeira.

Os produtores incluídos na subzona de ladeira consideran que a actual denominación, Val de Monterrei, non os inclúe, polo que o Consello Regulador solicita o cambio do nome actual da denominación de orixe polo de «Monterrei».

Estudiada a dita petición, de acordo co disposto no artigo 30º I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e en uso das competencias que me confiere a Lei 1/1983, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente,

**DISPOÑO:**

**Artigo 1º**

Modifícase o título da Orde do 3 de decembro de 1992 (DOG nº 248, do 22 de decembro de 1992), que será o seguinte:

«Orde pola que se recoñece con carácter provisional a denominación de orixe Monterrei para os viños producidos nesta comarca vitícola».

**Artigo 2º**

O artigo 1º queda redactado da forma seguinte:

«Recoñécese con carácter provisional a denominación de orixe Monterrei para os viños producidos na dita comarca vitivinícola».

**Disposicións derradeiras**

Primeira.—Facúltase o director xeral de Producción Agropecuaria e Industrias Agroalimentarias para dictar as normas precisas para o mellor desenvolvemento do establecido na presente orde.

Segunda.—A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 1993.

Tomás Pérez Vidal

Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes